

Autores: NEGRÍN FAJARDO, O. e VERGARA CIORDIA, J.

Ano: 2005

Título: *Teorías e Instituciones con temporáneas de educación e Antología de Textos de Teorías e Instituciones contemporáneas de educación*

Lugar: Madrid

Editorial: Centro de Estudios Ramón Areces S. A.

A obra configúrase como un manual universitario que abrangue en catorce temas os contidos a desenvolver na materia *Teorías e Instituciones Educativas Contemporáneas* incluída no plano de estudos da Diplomatura de Educación Social da UNED (Universidade Nacional de Educación a Distancia), da que os dous autores son responsables. A *antoloxía* preséntase como un libro complementario ao manual e recolle unha selección de textos ordenados coa mesma estrutura e destinados a afianzar os contidos avanzados sobre as teorías, autores e movementos educativos máis representativos.

Ademais de ser un volume especialmente recomendado para estudantes e profesores da disciplina citada ou de calquera outra con similares contidos, é un libro de interese para calquera persoa vinculada ao ámbito da educación. Nel atópase unha síntese das principais correntes contemporáneas que condicionaron o momento educativo actual e que xustifican gran

parte da práctica que se leva a cabo arestora. A obra complementaria facilítanos, dunha forma sinxela e concisa, a toma de contacto con grandes autores que todos os profesionais do ámbito deberíamos ter presentes.

Ambas as dúas estruturas presentan dúas partes complementarias; por un lado, as teorías educativas contemporáneas, a cargo do profesor Negrín, abrangue os sete primeiros capítulos dende o movemento da Escola Nova ata o neoliberalismo educativo.

A *Escola Nova*, Activa ou Moderna, movemento que xorde a finais do século XIX e que se vai configurando progresivamente fronte á escola tradicional, encontra os seus antecedentes en grandes autores coma Rousseau, Pestalozzi, Froebel e Herbart. As liñas máis destacadas da corrente vertebranse arredor do pragmatismo de J. Dewey e a Escola do Traballo de Kerschensteiner, que marcan a formulación das novas ideas educativas. A renovación metodolóxica e a creación e apli-

cación dos primeiros métodos activos van da man de Montessori, Decroly, Dalton, Winnetka e Kilpatrick. No ano 1921 supuxo un decisivo avance organizativo e de coordinación a creación da *Liga Internacional pour l'Éducation Nouvelle* en Calais. Os alicerces da súa filosofía establécense a partir dunha escola na vida, xirando arredor dos intereses do neno, na actividade, como unha comunidade vital, e na revalorización do papel do mestre.

A *educación socialista* parte da crítica que se lle realiza á educación propia do capitalismo, onde Marx e Engels fundamentan a teoría e propoñen a educación polivalente en torno ao traballo produtivo que relacionará o home coa natureza e superará a división de clases sociais. Makarenko insiste na necesidade de forxar a vontade da xente nova, de acordo coas necesidades da comunidade e insiste no valor social do traballo. Sujomlinski fai fincapé no personalismo pedagóxico a través da alegría, a felicidade e a liberdade. Outros autores seguen unha liña máis teórica, como Gramsci, que concibe a escola como activa e creativa, requirente da autoridade e a disciplina para acceder á autonomía persoal; Bourdieu, Passeron, Baodelot e Establet, que abren un amplo debate sobre a reprodución social da institución escolar, ou Suchodolski, que insiste na necesidade de actualizala e renovala, tendo en conta os avances da ciencia, a técnica, a economía e a organización social e na

que deben conxugarse os intereses individuais cos sociais.

O *movemento antiautoritario en pedagogía* toma como referente a educación integral, racional e libertaria. Está representado polos autores Tolstoi coa Escola Yasnaia Poliana baseada na liberdade e a igualdade, Robin cos seus principios internacionalistas e pacifistas e Ferrer Guardia coa Escola Moderna en Cataluña. Os tres parten de principios anarquistas, reivindicando a liberdade do individuo e a súa natureza social. Na práctica educativa establécese unha escola sen clases entre alumnos e mestres e que funcione de maneira autoxestionada. Pero non todas as experiencias recollidas neste capítulo son de fasquía anarquista, así a experiencia de Summerhill de Neill baséase na psicoanálise e a corrente da non directividade de Rogers sostense sobre as contribucións da psicoloxía humanística de Maslow.

A *Escola Moderna de Freinet* busca a renovación do ambiente escolar e das funcións dos mestres a partir do lema “pensar facendo e facer pensando”. A escola que propón Freinet é democrática, participativa, crítica, libre, desalienadora e popular, para axudar a desenvolver as potencialidades de cada individuo. Utilízanse estratexias metodolóxicas como a imprenta, as saídas escolares, os traballos manuais e sistemas de fichas. Coa escisión do movemento Freinet en 1961, xorde a *pedagogía institucional* con

dúas correntes principais representadas por Lobrot, a primeira, e Fernand Oury e Aída Vázquez, a segunda.

As teorías da desescolarización introducen a desaparición da institución escolar debido á súa ineficacia, alentados polos avances científicos, os éxitos da carreira espacial e o benestar económico. Moitas destas correntes aspiran a transformacións sociais máis xerais. Os autores explicados son McLuhan, Illich e Reimer. O primeiro propón o retorno da educación á propia estrutura social, convertendo a sociedade no seu conxunto en educadora. Illich faille unha crítica radical ao sistema capitalista aportando como alternativas a súa tese da convencionalidade e as solucións tecnolóxicas e lexislativas para desenvolver unha pedagogía da liberdade e da palabra. Reimer tamén se apoia na tecnoloxía e na reconversión do profesorado para acadar a desescolarización. Nunha liña menos radical, atopamos a Goodman avogando pola cidade educativa e a Holt, que lle dá máis valor á educación no ámbito familiar partindo de criterios educativos de referencia como a paz, a loita contra o racismo, o traballo, o lecer, a liberdade e o medio ambiente.

As teorías personalistas danlle prioridade ao desenvolvemento da persoa, ás súas características propias fronte á dimensión social ou ao colectivo. E. Mounier é considerado o fundador do movemento e identifica a persoa cun ser espiritual que subsiste median-

te a súa adhesión a unha xerarquía de valores libremente asumidos. Concédelle moita importancia á institución educativa, especialmente nun principio, xa que a súa intervención diminúe a medida que aumenta a maduración do alumno. P. Freire conxuga principios marxistas, existencia- listas e personalistas para, a través da comunicación e o diálogo, achegarse á acción transformadora e á reflexión. Unha das estratexias que defende é atopar os temas xeradores no pensamento popular para incorporalos ao programa educativo. L. Milani baséase na sinceridade e no espírito crítico para crear conciencia crítica ao servizo do pobo e así acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria. Escola e pobo loitan xuntos por unha sociedade máis equitativa e igualitaria. A súa experiencia céntrase na Escola de Barbiana.

Na última parte desta sección faise un percorrido dende a *escola única ao neoliberalismo educativo*. Os movementos democratizadores impulsados polas guerras mundiais pretenden cambiar a situación de desigualdade ofrecendo posibilidades de ascenso cultural e educativo para os membros das clases máis desfavorecidas. Este movemento concreouse en varios países europeos con denominacións diferentes como a escola unificada en Alemaña, *Les Compagnons* en Francia ou a ensinanza secundaria para todos en Inglaterra. A mediados do século XX gañan importancia as relacións entre

educación e economía, enfocando a educación como investimento e as posibilidades do capital humano. Na década dos oitenta gañan protagonismo estes principios coa irrupción do neoliberalismo económico que se opón á participación e ao intervencionismo do Estado, que incapaz de ofertar un ensino de calidade, aconsella reducir o investimento e mellorar a xestión dos recursos. Por último, as teorías da posmodernidade, baseadas na corrente de pensamento de Nietzsche e na teoría de sistemas, supoñen unha relativización dos valores e a crítica a calquera sentido absoluto da realidade. Ante o predomínio tecnolóxico, a innovación permanente e a importancia das esixencias de saber das sociedades do futuro, enfócase a revisión das estruturas educativas, da escola, do profesorado e do conxunto do proceso de ensino-aprendizaxe.

Na segunda parte do libro, elaborada polo profesor Vergara, atopamos os estudos sobre as institucións educativas contemporáneas. Ao longo dos sete capítulos, que configuran esta segunda sección (do oito ao catorce), abórdase a evolución dos sistemas educativos centrándose especialmente en Europa e España. As cento corenta e nove páxinas que forman estes capítulos achégannos á importancia que as institucións contemporáneas tiveron na conformación dos nosos sistemas educativos e nos planos de estudo.

O tema oito, primeiro desta sección, retrotráenos á *Ilustración e*

Modernidade cando se considerou a educación como un dos dereitos fundamentais e inalienables da condición humana, así como unha vía de progreso individual e social. Na Modernidade reconécense tres fases, a primeira delas identificada co Renacemento, a segunda co Realismo do Barroco e a terceira coa Ilustración. Esta nace a principios do século XVIII, logo de dous anos de xestación, e os seus bosquejos condicionaron en gran medida o devir dos últimos tres séculos, sendo os cements da cultura actual. A Ilustración non supón tanto un movemento filosófico, como unha metodoloxía crítica e reformista propia de cada un dos países polos que se vai estendendo, pero sempre con fundamento no racionalismo, o naturalismo, o deísmo e o utilitarismo práctico. Neste contexto deféndese unha educación nacional, aberta, obrigatoria, uniforme, cívica e de balde.

O tema nove trata o *nacemento dos sistemas educativos contemporáneos* analizando a relación entre Estado e educación. Un dos trazos máis característicos da Modernidade foi a secularización da cultura. A promulgación da autonomía e a independencia do humano acha a súa plenitude no século XVIII e principios do XIX, tendo como consecuencia máis inmediata a consolidación da idea de Estado inmanente, que se concretou politicamente en dous modelos principais: o absolutismo monárquico e o contractualismo político. Na Ilustración, o Estado senta as

súas bases na razón e concibe a educación coma un dos seus principais obxectivos, dando lugar aos denominados sistemas nacionais de educación ou Estado educador, entendendo a educación como causa eficiente do progreso, do benestar material e da felicidade, e como fornecedora de identidade cultural ao individuo e á sociedade. Os comezos dos sistemas educativos contemporáneos están marcados pola desigualdade en modelos e ritmos segundo países. Os autores céntranse no desenvolvemento dos sistemas de España, Francia e Alemaña.

Os dous capítulos dedicados aos *movementos e institucións educativas na España do século XIX e XX* describen a consolidación e expansión dos diversos tipos de escola no noso país, partindo do enfrontamento a un sistema moi deficitario, para tentar instaurar un nivel medio de ensino que se axuste ás demandas da poboación. O século XIX caracterízase pola inestabilidade política debida á confrontación entre conservadores e liberais que se encalma na segunda metade da centuria e facilita o florecemento do pensamento pedagóxico que culmina coa adhesión do país ao movemento da Escola Nova. A mellora do sistema educativo tivo que facer fronte a un número e unha adecuación moi deficiente. A primeira metade do século XX é un prolongamento das últimas décadas do século anterior e vén marcada por catro tendencias pedagóxicas:

pedagogía católica, rexeneracionismo, institucionismo e pedagogía académica. A segunda parte do século comeza marcada polo franquismo e o empobrecemento cultural do país a causa do exilio de gran parte dos intelectuais, o control da vida intelectual polo réxime e a adversa conxuntura económica. Nas últimas décadas desta etapa franquista, a mellora económica permite a ampliación do sistema escolar e créase unha forte demanda social de educación. Coa democracia, a ampliación e mellora do sistema educativo continúa, aínda que actualmente se dirixe máis cara ao desenvolvemento da calidade que a un plano cuantitativo.

O tema doce, *A aposta europeísta da educación (Construción histórica da identidade europea)*, repasa a construción política, cultural, económica e educativa de Europa. As tentativas de unir o continente teñen unha longa tradición que se fractura coa Modernidade, momento no que destacan as diferenzas entre as políticas nacionais, relixiosas e mercantís. A cultura contemporánea, iniciada simbolicamente coa Revolución francesa de 1789, afianzou as diferenzas como signo de identidade e enalzou o valor do Estado nacional e a diversidade cultural. Todo iso obtén a súa máxima expresión nos nacionalismos da primeira metade do século XX que baten nas dúas guerras mundiais. Despois da Segunda Guerra Mundial, Europa aparece fragmentada en dous modelos, o

occidental e o do leste, pero cunha tendencia firme de superar a ruptura anterior e recuperar o sentido humanista e liberal que destaque o común da diversidade. Esta tendencia concrétese co Tratado de Roma asinado en 1957 e que marca o nacemento da Comunidade Económica Europea. Unha segunda fase, que culmina coa Acta Única Europea, caracterízase por esbozar as primeiras preocupacións educativas. Entre 1986 e 1992 desenvólvese o período de programas centrado no desenvolvemento das políticas lingüísticas, igualdade de oportunidades, formación profesional, política universitaria e a dimensión europea da educación. Finalmente, a etapa actual está marcada pola sinatura da primeira Constitución Europea que implica unha revisión e harmonización dos programas anteriores.

O capítulo trece presenta unha *Panorámica internacional no ensino primario e secundario* na que se tratan as bases que determinan a organización, funcionamento e tendencias destes niveis educativos constituíntes dunha parte importante dos sistemas educativos nunha alta porcentaxe dos países. Sobre a educación primaria, móstrárenos un panorama no que se foron conformando modelos peculiares con trazos estruturais que a historia de cada país foi xestando, o que non dificulta o entendemento nin a mobilidade. Nos países desenvolvidos estase apostando pola calidade como paradigma

de mellora fronte á cantidade. En canto ao ensino secundario, a súa progresiva xeneralización nos países desenvolvidos, abandonando o seu carácter selectivo e elitista, modificou radicalmente a función e a organización desta etapa no sistema educativo.

O último capítulo céntrase no *dereito á educación* e as súas relacións coa *familia*, a *relixión* e o *Estado*, como un deber e un dereito ético e social que nace da natureza racional da persoa. O lugar natural e primario deste deber-dereito é a familia, que atopa a súa principal vantaxe no amor e a aceptación dos seus membros tal e como son e na intimidade e privacidade, que se converte no punto de partida da actualización do ser. No seguinte apartado, o máis polémico da obra, expónse a dimensión relixiosa e transcendente do home desligada da cultural, como algo natural e consubstancial á natureza humana. Aquí estúdase a educación laica como modelo excluyente e exclusivo que limita a liberdade de ensino dentro dunha sociedade plural e aberta. Na análise que se presenta sobre a dimensión socializadora do Estado, expónse o tradicional papel intervencionista e rector deste en materia educativa, que no estado de benestar se centra en garantir e facer efectiva a liberdade de ensino.

Outras obras que veñen a completar a bibliografía sobre o tema son *Teorías e Institucións contemporáneas da educación* de A. J. Colom (Coord.),

J. L. Bernabeu, E. Domínguez e J. Sarramona publicado no ano 1997 en Barcelona por Ariel, a obra do mesmo nome de M. Carreño (Ed.), C. Colmenar, I. Egido e F. Sanz editada no 2000 en Madrid por Síntesis e a de M. M. del Pozo (Ed.), J. L. Álvarez, J. Luengo e E. Otero de 2004 publicada, tamén en Madrid, por Biblioteca Nueva.

Cómpre salientar o interese da antoloxía que complementa ao manual que vén a cubrir un baleiro respecto a este tipo de recompilacións e que facilita a ampliación da temática. En todo caso, e sen ningunha dúbida, esta obra na súa segunda edición contribúe á creación dun espazo para a reflexión sobre os obxectivos primordiais da educación.

Silvana Longueira Matos
Universidade de Santiago de Compostela